

ACTA DA SESIÓN DA XUNTA ELECTORAL DA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, REALIZADA O DÍA 26 DE ABRIL DE 2010.

Persoas asistentes:

- Jesús Sáenz-Diez Belín, presidente.
- Manuel Ginarte Cabada, vogal.
- José Brea Dono, vogal.
- Carmen García Méndez, vogal.
- Antón Baeza Barrantes, secretario.

Na sala de xuntas da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, sendo as nove horas do día 26 de abril de 2010, reúnense as persoas arriba citadas para o obxecto de proceder, en acto público ao que non asiste ningunha persoa representante ou apoderada das candidaturas, a verificar o resultado final das votacións segundo as actas correspondentes aos colexios electorais de Boiro e Santiago de Compostela.

Estando presentes cinco das persoas membros e existindo, polo tanto, o quórum necesario para a válida realización da sesión, o presidente declara aberta a sesión para tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Lectura e aprobación da acta da sesión anterior.

As persoas asistentes a esta sesión len a acta da reunión realizada pola comisión de valoración, o 15 de marzo de 2010, que é aprobada por unanimidade.

2.- Verificación do resultado final das votacións segundo as actas correspondentes aos diferentes colexios electorais.

En cumprimento do disposto no artigo 46º.1 do Regulamento de réxime electoral das referidas corporacións, aprobado polo Decreto 431/2009, do 19 de novembro, as persoas membros da Xunta Electoral verifican o resultado das votacións segundo as actas correspondentes aos diferentes colexios electorais.

Despois de rematar a verificación, o resultado final das votacións é o seguinte:

1.- O número de votos emitidos é cento doce (112), distribuído en grupos e categorías como segue:

GRUPO	CATEGORÍA	Nº DE CENSADOS	VOTOS				
			PRESENCIAIS	POR CORREO	VÁLIDOS	NULOS	EN BRANCO
05	1ª	2252	112	0	110	2	0

2.- Os votos ás candidaturas quedaron distribuídos da seguinte forma:

CANDIDATURA	GRUPO	CATEG	VOTOS OBTIDOS	
			EN LETRA	EN NÚMERO
YAÑEZ, SL	05	1ª	cento seis	106
Mª JOSE GARCIA GOMEZ	05	1ª	cento cinco	105
CASTY-ROMER, SL	05	1ª	tres	3

3.- Non se presentou ningunha reclamación ás mesas electorais.

4.- As persoas candidatas declaradas electas do grupo e categoría que a continuación se relaciona son as seguintes:

GRUPO	CATEG	PERSOAS CANDIDATAS ELECTAS
05	1ª	YAÑEZ, SL
05	1ª	Mª JOSE GARCIA GOMEZ

E non habendo máis asuntos que tratar, o presidente declara rematado o acto e levanta a sesión ás nove horas e trinta minutos do día da data consignada ao principio. De todo o cal como secretario dou fe, asinando a continuación todas as persoas membros da Xunta Electoral.

The image shows five handwritten signatures in black ink. The signatures are arranged in two rows. The top row contains three signatures, and the bottom row contains two. The signatures are stylized and difficult to read, but they appear to be the names of the members of the Electoral Board mentioned in the text above.